



ENTROIDANZAS



Pesdelán

Pesdelán é moito máis que un grupo de música. Mediante a música en vivo e o ensino de bailes e xogos sinxelos ao público, pretende recuperar o espírito participativo das festas e integrar a todas as persoas sen importar a súa idade, condición física ou experiencia. Os espectáculos teñen unha duración aproximada de unha hora e están dirixidos a todos os públicos. Xurde no 2008 da unión de reputados músicos, bailadores e mestres de coñecidas formacións musicais de Galicia e Portugal. Sorprende nas festas do Apóstolo de Santiago de Compostela no 2008 facendo participar a centos de persoas, no Festival dos Abrazos da mesma cidade, en Barcelona, Quart de Poblet (Valencia), Fundao (Portugal), Festival San Froilanciño (Lugo)...



ENTROIDANZAS

O obxectivo primeiro de Pesdelán é ofrecer música para bailar, e pensando en que música poderíamos ofrecer para bailar, caemos na conta de que o Entroido é un dos momentos do ano no que máis se baila. Así que, puxémonos man á obra e comezamos a buscar bailes de Entroido por todo o mundo, e atopámoslos, e tanto que os atopamos! En moitos países as persoas rompen as súas rutinas cando chega don Carnal. Disfrázanse, tapan os seus rostros e xa sendo uns descoñecidos bailan, brincan, xogan, fan reviravoltas e inventan novos xestos sen vergoñas, totalmente desinhibidos, sen medo ó ridículo nin ó que dirán. A música, o baile, os xogos e as chufas saen ás rúas inundando de festa o espírito dos que participan desta importante celebración.

O segundo obxectivo é o de que esta música para bailar sexa apta para todas as idades, que poida ser compartida por toda a familia e que tamén sexa un recurso útil para os centros de ensino, xa que pensamos que o futuro está nos máis cativos e é o profesorado o que nos pode axudar co seu inestimable traballo a propagar toda esta cultura musical.

Vai ser a unión destes dous obxectivos a que nos levou a escoller os bailes que hoxe conforman este DVD, querendo facer unha escolla significativa da variedade de bailes de Entroido que existen no mundo sen perder en ningún momento de vista a idea de que calquera os poida bailar, sen ser necesario para facelo nin unha grande forma física nin por suposto coñecemento previo de ritmos ou pasos de baile.

Temos un obxectivo moi claro: que o público baile! Unha das integrantes do grupo animaranos a seguir os seus pasos, que nos explicará de forma sinxela e amena, para que todos e todas poidamos unirnos á festa. Acompañana un grupo de grandes músicos e músicas que interpretarán as melodías para podelas bailar. O tempo pasará sen darnos conta mentres gozamos, rimos, bailamos e coñecemos as e os nosos novos compañeiros de baile.



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org
www.culturactiva.org
+34 981 582 836



Con Entroidanzas bailaremos cos foliões de Ourense, seremos demos das rúas de Lima, andaremos como os corcovados do centro de Italia, moveremos os coloridos paraugas do Frevo de Pernambuco... En definitiva, gozaremos co espírito do Entroido, así que só nos resta pedirvos que vos animedes a bailar con nós en calquera momento do ano, porque para Pesdelán todo o ano é Carnaval!

Para @s máis ambicios@s: este espectáculo poden incluír un obradoiro de baile (con música gravada) e impartido por Montse Rivera ou /e un de disfraces de entroido.

Consulta prezos e demais información escribíndonos a info@seispes.com

(Adaptable a diferentes formatos de público)

Vídeo promocional de “Entroidanzas”



CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA

info@culturactiva.org

www.culturactiva.org

+34 981 582 836